

XXI CIRCUITO GALEGO DE XADREZ

NORMATIVA FEGAXA :

A) PREMIOS :

CLASIFICACIÓN XERAL :

1º- 600 €	6º- 200 €
2º- 400 €	7º- 200 €
3º- 300 €	8º- 200 €
4º- 300 €	9º- 150 €
5º- 300 €	10º- 150 €

XOGADORES NACIONAIS :

1º- 300 €	4º- 100 €
2º- 200 €	5º- 100 €
3º- 100 €	

B) BASES :

1. Optarán a estas cantidades os xogadores que participen en, polo menos, **tres** dos torneos do XX Circuito Galego de Xadrez.
2. Contabilizaránse ás súas **tres** mellores puntuacións.
3. Ó finalizar o derradeiro torneo, establecerase unha clasificación final xeral e outra de xogadores nacionais. No caso de empate a puntos, será primeiro a efectos de clasificación o xogador que teña xogado maior número de torneos, e se persiste o empate a súa clasificación media dos tres torneos con mellores puntuacións.
4. Todos os torneos disputaránse polo sistema suízo a 9 roldas.
5. Ritmo de xogo: 1h. 30 min. Con incremento de 30 seg./mov
6. Os torneos en xeral, serán valedeiros para a obtención de normas, ELO FIDE e FEDA.
7. Os desempates na clasificación de cada torneo varían segundo as bases propias de cada un deles.
8. Os torneos poderán ter un máximo de 3 byes (días libres), sempre con anterioridade da rolda 7ª (incl.) e según as bases de cada torneo.
9. A hora de inicio da derradeira rolda poderá variarse.

C) REGULACIÓNS :

- A Federación Galega de Xadrez (Fegaxa), designará o árbitro principal, que poderá ser proposto pola organización, pero sempre coa designación expresa da Fegaxa.
- A Federación Galega de Xadrez abonará a organización a factura dos gastos de aloxamento e manutención do árbitro principal á un máximo de 30 euros por día de aloxamento (máximo 9 roldas), previa factura reglada a nome da Federación Galega de Xadrez (CIF: G-3644789, rúa Luis Ksado-17, 36209 Vigo).

- A Federación Galega de Xadrez abonará os honorarios do árbitro principal (previa factura reglada do mesmo) ata un máximo bruto total de 70 euros diarios (máximo 9 roldas).
- Os árbitros auxiliares dos torneos poderán ser designados pola organización, previo coñecemento e autorización da Fegaxa.
- A Federación Galega de Xadrez poderá designar árbitros auxiliares para que poidan cumprir normas, sin representar cargo a organización.
- O informe do torneo enviarase a FEDA a través da FEGAXA dentro dos prazos estipulados, correndo a Fegaxa cos gastos da avaliación para elo. Si existen recargos ou sancións, polo incumplimento das obrigacións de entregas e xustificacións, correrán a cargo da organización ou árbitro principal, deducíndose os importes correspondentes do que lle corresponda aboar a Fegaxa a organización ou honorarios do árbitro.
- Prazos de entregas:
 1. As facturas sobre arbitraje: entrarán na Fegaxa antes dos 15 días da finalización do torneo.
 2. O informe arbitral para elo entrará na Fegaxa antes dos 8 días da finalización do torneo.
 3. De non cumprirse estes prazos a organización renuncia as axudas e ingresos correspondentes da Fegaxa.
- Os xogadores designados como becados pola escola galega de xadrez para torneos pola Fegaxa estarán exentos dos gastos de inscrición dos torneos.
- A Fegaxa poderá chegar a acordos cos organizadores para enviar grupos de xogadores/as con adestrador/a os torneos.
- O formulario de coordinación do torneo deberá entrar en tempo e forma na Fegaxa, para que o torneo poida formar parte do circuito galego.
- O nome do director do torneo comunicárase previamente a Fegaxa para que está proceda a dar a súa conformidade.
- A información, bases e normativa xeral comunicadas e publicadas, dos torneos non poderán variarse nin cambiarse con posterioridade. Axustaranse a presente normativa da Fegaxa.
- Tanto o director do torneo como os árbitros principal e auxiliares, realizarán únicamente estes cometidos, non podendo en ningún caso participar como xogador/a.
- En toda a publicidade e comunicados do torneo figurarán os logotipos do deporte galego e da Federación Galega de Xadrez.
- Os torneos respetarán e cumprirán a normativa legal e regulamentaria da Fegaxa, Feda e Fide.
- A clausura do circuito celebrarase no lugar do último torneo a hora marcada pola Fegaxa.
- É necesaria a aceptación e cumprimento de toda esta normativa mais para poder figurar como torneo do circuito galego.

En Vigo, a 6 de marzo de 2008

Federación Galega de Xadrez